

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO
AMBIENTE

- 821** Orde AAA/63/2016, do 26 de xaneiro, pola que se corríxen erros na Orde AAA/2536/2015, do 30 de novembro, pola que se regulan as artes e modalidades de pesca marítima e se establece un plan de xestión para os buques dos censos do caladoiro nacional canario.

Advertidos erros na Orde AAA/2536/2015, do 30 de novembro, pola que se regulan as artes e modalidades de pesca marítima e se establece un plan de xestión para os buques dos censos do caladoiro nacional canario, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega ao número 287, do 1 de decembro de 2015, efectúase a oportuna rectificación:

Na páxina 5, na liña cinco e seguintes, onde di: «As embarcacións cunha eslora total maior de 15 metros terán unha limitación á alternancia entre artes de cerco, canas, liñas para túnidos e palangre,...», debe dicir: «As embarcacións cunha eslora total maior de 15 metros terán unha limitación á alternancia entre artes de cerco, canas e liñas para túnidos e palangre,...»

Na páxina 5, no artigo 5.a), onde di: «De regulación rexional: as súas características e normas de uso serán as mesmas en todo o caladoiro. Inclúense todos os aparellos de anzol (liña, amaño para pesca do alto, cana, palangre de fondo e *puyón*), as artes de cerco (chinchorro, traíña e sardiñal) e as artes de izada (*pandorga*, *gueldera* ou *tarralla*)», debe dicir: «De regulación rexional: as súas características e normas de uso serán as mesmas en todo o caladoiro. Inclúense todos os aparellos de anzol (liña, amaño para pesca do alto, cana, palangre de fondo e *puyón*), as artes de cerco (chinchorro, traíña e sardiñal), o corricán ou corrica e as artes de izada (*pandorga*, *gueldera* ou *tarralla*)».

Na páxina 6, no artigo 9.2, onde di: «Especies accesorias autorizadas para a traíña», debe dicir: «Especies accesorias autorizadas para a traíña e a hamaca».

Na páxina 7, no artigo 9.4.a), onde di: «Xurelo (*Pseudocaranx dentex*)», debe dicir: «Xurelo (*Pseudocaranx dentex*) salvo para a illa de El Hierro».

Na páxina 11, no artigo 15.3, onde di: «Illa de La Palma: trasmallo desde o 14 de abril ata o 14 de outubro en toda a illa salvo na zona de Fuencaliente –desde Punta del Hombre a Punta del Viento–, onde queda prohibido durante todo o ano», debe dicir: «Illa de La Palma: trasmallo desde o 14 de abril ata o 14 de outubro en toda a illa salvo na zona de Fuencaliente -desde Punta del Hombre a Punta del Viento-, onde queda prohibido durante todo o ano. Volanta: todo o ano».

Na páxina 15, no ordinal 1.º da alínea b), onde di: «a pesca con esta arte poderase practicar exclusivamente no período comprendido entre o 1 de setembro e o 1 de novembro», debe dicir: «a pesca con esta arte poderase practicar exclusivamente no período comprendido entre o 1 de setembro e o 30 de novembro, e o 1 de febreiro e o 30 de abril».

Na páxina 16, no anexo IV, onde di: «Hermanos Valdivia Dos (CFO: 25878)», debe dicir: «Hermanos Valdivia Dos (CFO: 25878). Betania (CFO: 22914)».

Madrid, 26 de xaneiro de 2016.–A ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, Isabel García Tejerina.